Proxecto lingüístico de centro

Data aprobación: ***16/09/2009***

Data última versión: ***17/10/2023***

XUNTA DE GALICIA

I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCIÓN 3

2. ANÁLISE DO CONTEXTO 4

3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR 12

4. OBXECTIVOS 16

5. MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO 17

5.1. PERSOAL NON DOCENTE 17
5.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (E.D.L.G.). 17
5.3. EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO 18
5.4. PROFESORADO 18
5.5. ALUMNADO 19
5.6. CRITERIOS DE CORRECIÓN LINGÜÍSTICA 19
5.6.1. Ortografía 19
5.6.2. Presentación 20
5.6.3. Expresión 20

6. ACTIVIDADES 22

6.1. EN RELACIÓN CO PROFESORADO 22
6.2. EN RELACIÓN CO PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO 23
6.3. EN RELACIÓN CO ALUMNADO 23

7. PLAN DE AVALIACIÓN 25

ANEXO I: RESULTADOS DA SONDAXE EN 1º-2º E.S.O. 27

ANEXO II: RESULTADOS DA SONDAXE EN 3º-4º E.S.O. 29

ANEXO III: RESULTADOS DA SONDAXE EN 1º-2º BACHARELATO 31

ANEXO IV: RESULTADOS DA SONDAXE NO ALUMNADO DO CENTRO 33

ANEXO V: RESULTADOS DA SONDAXE NO PROFESORADO DO CENTRO 35

1. INTRODUCIÓN

A proposta para a planificación lingüística do I.E.S. Lama das Quendas de Chantada, segue os obxectivos da ***Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística***, cos recollidos no ***Plan Xeral de normalización da lingua galega de 2004***, e co ***Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*** que derroga o anterior ***Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo***.

A nosa comunidade esixe o coñecemento e uso de dúas linguas e iso supón unha necesidade e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc...) para os individuos.

O plurilingüismo individual e social (non só o bilingüismo) é elemento imprescindible do capital social de calquera individuo na sociedade actual.

A aprendizaxe de dúas linguas desde o momento en que o alumnado se socializa é óptimo desde o punto de vista pedagóxico, lingüístico, sociolingüístico, etc... Con pouco esforzo os rapaces e rapazas aprenden dúas ou mesmo tres linguas (o portugués, con maior facilidade no noso caso) e estarán preparados para achegarse a outra cun esforzo menor (especialmente se é unha lingua románica: francés, italiano, catalán, etc...).

O dominio da lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras son obxectivos establecidos no Decreto ***86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia***.

Ser competentes en varias linguas é un obxectivo que debemos pretender desde un punto de vista individual e social. Galicia é unha sociedade plurilingüe, bilingüe historicamente aínda que coñecemos etapas nas que se intentou ocultar esa realidade e mesmo condenar o uso do idioma propio. Hoxe calquera cidadán coñece as vantaxes de dominar varias linguas. Desde logo, a necesidade de coñecer a propia, só pode ser posta en dúbida por mentalidades nas que falta algún tipo importante de congruencia. O plan actual de estudos, tanto na E.S.O. como para o Bacharelato, defende o uso e potenciación da lingua galega, unha lingua que hoxe só está ameazada pola actitude dos propios galegos que ceden ante a sutil (ou non tan sutil) presión social que se produce a favor do castelán desde múltiples ámbitos.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

A elaboración do presente proxecto esixe analizar a situación do centro, e para isto realizáronse unhas sondaxes cuxos resultados se mostran como anexos a este documento.

O número de sondaxes realizadas foi o seguinte:

Colectivo	Número de respostas
Alumnado de 1º - 2º de E.S.O.	110
Alumnado de 3º - 4º de E.S.O.	109
Alumnado de Bacharelato	72
Profesorado	46

Realizáronse varios cuestionarios sinxelos que nos permitiron calcular unha serie de índices:

- **Índice 1 (*I1*): Contexto sociolingüístico do centro.**
- **Índice 2 (*I2*): Dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego.**
- **Índice 3 (*I3*): Presenza do galego na vida do alumnado.**
- **Índice 4 (*I4*): Presenza ambiental do galego no centro.**

A partir dos resultados deses índices calculouse o **indicador global** que nos permitiu situar o centro nun ou noutro contorno sociolingüístico. Para o cálculo do indicador global, utilizouse a fórmula seguinte (Nela recóllese o peso de cada un dos índices que acabamos de citar anteriormente):

$$IG = I1\ (0{,}1\ ) + I2\ (0{,}4) + I3\ (0{,}3\ ) + I4\ (0{,}2)$$

Segundo o valor numérico do IG, defínense cinco tipos de contornos:

1. Contorno castelanófono.
2. Contorno con predominio do castelán.
3. Contorno con similar presenza das dúas linguas.
4. Contorno con predominio do galego.
5. Contorno galegófono.

No caso do noso centro resultou que o índice global tiña un valor de 3,68, polo que se enmarcaría nun "***contorno con similar presenza das dúas linguas***".

A continuación recóllense o formato dos distintos cuestionarios e os respectivos índices:

Cuestionario para a definición do contorno sociolingüístico do centro

1.- Lingua habitual dos fogares do concello.

- ☐ 1. Só castelán.
- ☐ 2. Predomina o castelán.
- ☐ 3. Castelán e galego por igual.
- ☐ 4. Predomina o galego.
- ☐ 5. Só galego.

2.- Lingua habitual nas interaccións comunitarias.

- ☐ 1. Só castelán.
- ☐ 2. Predomina o castelán.
- ☐ 3. Castelán e galego por igual.
- ☐ 4. Predomina o galego.
- ☐ 5. Só galego.

3.- Lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados.

- ☐ 1. Só castelán.
- ☐ 2. Predomina o castelán.
- ☐ 3. Castelán e galego por igual.
- ☐ 4. Predomina o galego.
- ☐ 5. Só galego.

4.- Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno.

- ☐ 1. Só castelán.
- ☐ 2. Predomina o castelán.
- ☐ 3. Castelán e galego por igual.
- ☐ 4. Predomina o galego.
- ☐ 5. Só galego.

ÍNDICE 1: CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

1. Só castelán
2. Predomina o castelán
3. Castelán e galego por igual
4. Predomina o galego
5. Só galego

$$I1 = p1\ (0,2) + p2\ (0,4) + p3\ (0,3) + p4\ (0,1)$$

Cuestionario para o profesorado

O seguinte cuestionario pretende recoller información para a elaboración do plan lingüístico do centro. Marca unha soa resposta.

(Grazas pola túa colaboración)

1.- Que lingua empregas habitualmente?

- ☐ 1. Só castelán.
- ☐ 2. Predomina o castelán.
- ☐ 3. Castelán e galego por igual.
- ☐ 4. Predomina o galego.
- ☐ 5. Só galego.

2.- Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?

- ☐ 1. Moi baixa.
- ☐ 2. Baixa. → Seguir na pregunta 3
- ☐ 3. Media.
- ☐ 4. Alta. → Pasar á pregunta 4
- ☐ 5. Moi alta.

3.- Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada?

- ☐ 1. Ningunha.
- ☐ 2. Pouca.
- ☐ 3. Moderada.
- ☐ 4. Boa.
- ☐ 5. Plena.

4.- Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo	Valoración				
1	As matemáticas pódense aprender en galego.	1	2	3	4	5
2	O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	1	2	3	4	5
3	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	1	2	3	4	5

5.- Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Actitude do profesorado cara á normalización social do galego	Valoración
1	En Galicia, debería usarse máis o galego.	1 2 3 4 5
2	A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	1 2 3 4 5
3	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	1 2 3 4 5
4	A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	1 2 3 4 5

ÍNDICE 2: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR DOCENCIA EN GALEGO

$$I2 = p1\ (0,4\ ) + p2\ (0,1) + p3\ (0,1) + p4\ (0,2) + p5\ (0,2)$$

ÍNDICE 2BIS: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR DOCENCIA EN GALEGO

$$I2 = p1\ (0,4) + p2\ (0,2) + p4\ (0,2) + p5\ (0,2)$$

1. Ningunha
2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

O uso dun ou doutro índice estará en función do que se cubra no ítem n.º 6. Se a media das respostas neste ítem está entre 1 e 3,5 cómpre cubrir tamén o ítem 7. Nese caso, para calcular o índice aplicarase a fórmula do denominado índice 2. Se, pola contra, no ítem 6 a media é superior a 3,5 saltarase o ítem 7 e, para calcular o índice, aplicarase a fórmula índice 2bis.

Cuestionario para o alumnado

O seguinte cuestionario pretende recoller información para a elaboración do plan lingüístico do centro. Marca unha soa resposta.

(Grazas pola túa colaboración)

1.- Que lingua usas habitualmente?

- ☐ 1. Só castelán
- ☐ 2. Predomina o castelán
- ☐ 3. Castelán e galego por igual
- ☐ 4. Predomina o galego
- ☐ 5. Só galego

2.- Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

- ☐ 1. Só castelán
- ☐ 2. Predomina o castelán
- ☐ 3. Castelán e galego por igual
- ☐ 4. Predomina o galego
- ☐ 5. Só galego

3.- Que lingua usas habitualmente no centro educativo?

- ☐ 1. Só castelán
- ☐ 2. Predomina o castelán
- ☐ 3. Castelán e galego por igual
- ☐ 4. Predomina o galego
- ☐ 5. Só galego

4.- Competencia comunicativa en galego que traes da etapa anterior

- ☐ 1. Moi deficiente
- ☐ 2. Deficiente
- ☐ 3. Aceptable
- ☐ 4. Boa
- ☐ 5. Moi boa

5.- Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo	Valoración				
1	As matemáticas pódense aprender en galego.	1	2	3	4	5
2	O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	1	2	3	4	5
3	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	1	2	3	4	5

6.- Valorade os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente en desacordo
2. Bastante en desacordo
3. Indiferente
4. Bastante de acordo
5. Completamente de acordo

N.º	Actitude do profesorado cara á normalización social do galego	Valoración				
1	En Galicia, debería usarse máis o galego.	1	2	3	4	5
2	A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	1	2	3	4	5
3	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	1	2	3	4	5
4	A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	1	2	3	4	5

ÍNDICE 3: PRESENZA DO GALEGO NA VIDA DO ALUMNADO

I3 = p1 (0,3) + p2 (0,1) + p3 (0,1) + p4 (0,2) + p5 (0,15) + p6 (0,15)

1. Ningunha
2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

Cuestionario ambientalidade lingüística do centro

1.-. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros etc.

- ☐ 1. Ningunha
- ☐ 2. Escasa
- ☐ 3. Moderada
- ☐ 4. Ampla
- ☐ 5. Plena

2.- Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

- ☐ 1. Ningún
- ☐ 2. Escaso
- ☐ 3. Moderado
- ☐ 4. Amplo
- ☐ 5. Pleno

3.- Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais.

- ☐ 1. Ningún
- ☐ 2. Escaso
- ☐ 3. Moderado
- ☐ 4. Amplo
- ☐ 5. Pleno

4.- Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.

- ☐ 1. Ningún
- ☐ 2. Escaso
- ☐ 3. Moderado
- ☐ 4. Amplo
- ☐ 5. Pleno

5.- Emprego da lingua galega por parte da ANPA.

- ☐ 1. Ningún
- ☐ 2. Escaso
- ☐ 3. Moderado
- ☐ 4. Amplo
- ☐ 5. Pleno

6.- Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.

- ☐ 1. Ningún
- ☐ 2. Escaso
- ☐ 3. Moderado
- ☐ 4. Amplo
- ☐ 5. Pleno

7.- Dotación de fondos en galego na biblioteca

- ☐ 1. Moi deficiente
- ☐ 2. Deficiente
- ☐ 3. Aceptable
- ☐ 4. Boa
- ☐ 5. Moi boa

8.- Presenza da lingua galega na utilización das TIC.

- ☐ 1. Moi deficiente
- ☐ 2. Deficiente
- ☐ 3. Aceptable
- ☐ 4. Boa
- ☐ 5. Moi boa

9.- Visibilidade das accións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

- ☐ 1. Ningunha
- ☐ 2. Escasa
- ☐ 3. Moderada
- ☐ 4. Ampla
- ☐ 5. Plena

ÍNDICE 4: PRESENZA AMBIENTAL DO GALEGO NO CENTRO

$$I4 = p1\ (0{,}15) + p2\ (0{,}15) + p3\ (0{,}1) + p4\ (0{,}1) + p5\ (0{,}1) + p6\ (0{,}1) + p7\ (0{,}1) + p8\ (0{,}1) + p9\ (0{,}1)$$

1. Ningunha
2. Pouca
3. Moderada
4. Boa
5. Plena

3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

O centro axústase ao ***Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia***, que regula a utilización das dúas linguas oficiais no sistema educativo. Ademais das materias establecidas pola lei, o reparto das dúas linguas vehiculares, galego e castelán, queda como segue:

1º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura	3		✖
	Matemáticas	4		✖
	Xeografía e Historia	3	✖	
	Educación Física	3		×
	Bioloxía e Xeoloxía	3	✖	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3	×	
	Tecnoloxía e Dixitalización	3		✖
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**29**	**13 horas**	**13 horas**
Materias optativas	2ª Lingua estranxeira: francés	2	***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**3**	**2 materias**	**0 materias**

2º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura	3		✖
	Matemáticas	4		✖
	Xeografía e Historia	3	✖	
	Educación Física	3	×	
	Física e Química	3		✖
	Música	3	×	
	Tecnoloxía e Dixitalización	3		✖
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	**13 horas**	**13 horas**
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**29**	**13**	**13**
Materias optativas	2ª Lingua estranxeira: francés	2	***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**3**	**2 materias**	**0 materias**

3º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		**Nº DE HORAS SEMANAIS**	**LINGUA VEHICULAR**	
			GALEGO	**CASTELÁN**
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura	3		✖
	Matemáticas	4		✖
	Xeografía e Historia	3	✖	
	Educación Física	2		×
	Bioloxía e Xeoloxía	2	✖	
	Física e Química	2		✖
	Educación en Valores Cívicos e Éticos	1	×	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	×	
	Música	2	×	
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**28**	**14**	**11**
Materias optativas	Cultura Clásica	3		×
	Educación Dixital			×
	Oratoria		×	
	Cultura Financieira			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**4**	**3 materias**	**3 materias**

En 4º de E.S.O. o reparto das materias comúns é de 9 horas en galego e 7 en castelán. En canto ás restantes materias optativas, mantense un reparto case simétrico 8 materias para cada a lingua galega e 7 para a lingua castelán. A porcentaxe final para cada lingua variará en función das optativas escollidas polo alumnado.

4º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		**Nº DE HORAS SEMANAIS**	**LINGUA VEHICULAR**	
			GALEGO	**CASTELÁN**
Materias comúns	Titoría	1	×	
	Lingua Galega e Literatura	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura	3		✖
	Xeografía e Historia	3	✖	
	Educación Física	2	×	
	Matemáticas A/B	4		✖
	1ª Lingua estranxeira: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**19**	**9**	**7**

4º de E.S.O. (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias de opción	Bioloxía e Xeoloxía	3	✖	
	Física e Química			✖
	Dixitalización			✖
	Tecnoloxía			✖
	Expresión Artística			×
	Música		×	
	Latín		×	
	Economía e Emprendemento			×
	Formación e Orientación Persoal e Profesional			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
Materias optativas	Filosofía	3	×	
	Cultura Clásica		×	
	Oratoria		×	
	Intelixencia Artificial para a Sociedade			×
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Relixión	1	×	
	Proxecto competencial		×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**13**	**8 materias**	**7 materias**

En Bacharelato, no primeiro curso, nas materias comúns sen ter en conta a primeira lingua estranxeira (inglés), o reparto é ao 50%. No caso das materias de modalidade e optativas, hai 9 materias en lingua galega, e 8 en lingua castelá. A porcentaxe final para cada lingua pode variar en función da modalidade e optativas escollidas polo alumnado.

1º de Bacharelato (LOMLOE)				
MATERIA		Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Lingua Galega e Literatura I	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura I	3		✖
	Filosofía	3	×	
	Educación Física	3		×
	1ª Lingua estranxeira I: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**15**	**6**	**6**
Materias de modalidade				
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas I	4	×	
	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais		×	
	Tecnoloxía e Enxeñería I			×
	Debuxo Técnico I		×	
	Física e Química			×
Humanidades e Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I		×	
	Latín I			×
	Grego I			×
	Economía			×
	Historia do Mundo Contemporáneo		×	
	Literatura Universal			×
TOTAL HORAS DAS MATERIAS DE MODALIDADE		**12**	**5 materias**	**6 materias**

Materias optativas				
Materias optativas	Anatomía Aplicada	4	×	
	Antropoloxía		×	
	Cultura Científica			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Literatura Galega do Século XX e da Actualidade		×	
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación I			×
	Relixión	1	×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**5**	**4 materias**	**2 materias**

En segundo curso, das materias comúns, o 75% impártense en galego e o 25% en castelán. No caso das materias de modalidade e optativas, hai 10 materias en lingua galega, e 10 en lingua castelá. Igual que sucedía no primeiro curso de bacharelato, a porcentaxe en cada lingua pode variar considerablemente en función da modalidade e optativas escollidas polo alumnado.

2º de Bacharelato (LOMLOE)				
MATERIA		**Nº DE HORAS SEMANAIS**	**LINGUA VEHICULAR**	
			GALEGO	**CASTELÁN**
Materias comúns	Lingua Galega e Literatura II	3	✖	
	Lingua Castelá e Literatura II	3		✖
	Historia de Filosofía	3	×	
	Historia de España	3	×	
	1ª Lingua estranxeira II: inglés	3	***	***
TOTAL HORAS DAS MATERIAS COMÚNS		**15**	**9**	**3**
Materias de modalidade				
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas II / Mat. Aplicadas ás CC.SS. II	4	×	
	Bioloxía		×	
	Debuxo Técnico II		×	
	Física			×
	Xeoloxía e Ciencias Ambientais		×	
	Química		×	
	Tecnoloxía e Enxeñería II			×
Humanidades e Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II		×	
	Latín II			×
	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio			×
	Xeografía		×	
	Grego II			×
	Historia da Arte			×
TOTAL HORAS DAS MATERIAS DE MODALIDADE		**12**	**7 materias**	**6 materias**
Materias optativas				
Materias optativas	Métodos Estatísticos e Numéricos	4	×	
	Psicoloxía			×
	Cultura Científica			×
	2ª Lingua estranxeira: francés		***	***
	2ª Lingua estranxeira: portugués		***	***
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II			×
	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia		×	
	Historia da Música e da Danza		×	
	Relixión	1	×	
TOTAL HORAS DAS MATERIAS OPTATIVAS		**5**	**4 materias**	**3 materias**

4. OBXECTIVOS

A nosa actuación pretende ser de carácter microsocial, é dicir, queremos aproximarnos ao profesorado, ao alumnado do centro e o seu contorno familiar, aínda que tamén a organizacións próximas da localidade e da zona.

Por iso os nosos **obxectivos** máis xerais serán:

- Aumentar o uso social da lingua por parte dos pais.
- Fomentar o uso do galego no tempo de lecer do alumnado e do profesorado.
- Aumentar a competencia lingüística de toda a comunidade educativa.
- Aumentar os usos privados e sociais da lingua galega.

É necesario ademais, establecer obxectivos relacionados coas tres **liñas de actuación** da planificación lingüística: o "*corpus*", o "*status*" e a adquisición.

a) *Obxectivos relacionados co "corpus"*: Normativización; depuración lingüística; modernización (elaboración terminolóxica e estilística); consecución de reformas lingüísticas; procesos de estandarización.

b) *Obxectivos relacionados co "status"*: Establecemento de réximes lingüísticos (oficialización); extensión dos usos e das funcións sociais; modificación de ideoloxías, opinións e actitudes lingüísticas; prohibición, revitalización de linguas en situación de perigo.

c) *Obxectivos relacionados coa adquisición*: Transmisión lingüística primaria; aprendizaxe das linguas na socialización secundaria; aprendizaxe da variedade estándar, a adquisición das linguas por adultos (segundas linguas: linguas propias; estranxeiras, etc...); espallar a idea de que vivimos nunha sociedade aberta onde o plurilingüismo é unha necesidade real e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc...).

5. MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

Estas medidas pretenden alcanzar o estipulado na ***Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*** e na L.O.E. e teñen en conta o fomento do plurilingüismo.

Para iso e, segundo acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica do noso centro, crearase un **Equipo de Planificación Lingüística (E.P.L.)** integrado polos xefes e xefas dos departamentos de linguas e a persoa coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega, que, en colaboración co equipo directivo do centro, realizará a análise sociolingüística e deseñará os obxectivos e actividades para o desenvolvemento do proxecto.

As medidas tomadas terán como fundamento a reflexión sobre a situación lingüística do centro, considerándose necesario reforzar a presenza da lingua galega nos seguintes ámbitos:

5.1. PERSOAL NON DOCENTE

Programaremos actividades para que as relacións orais deste persoal coa comunidade educativa e coas familias incremente o uso da lingua galega. Para iso solicitaráselle ao persoal administrativo, ao persoal de limpeza, de cafetaría e de conserxaría o uso da lingua galega no inicio de conversas co persoal que lles solicite calquera tipo de información relacionada coa súa función.

Temporización: 1º trimestre do curso escolar.

5.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (E.D.L.G.).

Pretendemos mellorar o seu funcionamento coa súa visibilidade. Para iso, incrementaremos o número dos seus membros, procurando así unha maior participación de profesorado e alumnado, así como a implicación das familias e do concello nas actividades propostas, ás que tentaremos darlles unha maior difusión e apoio.

Temporización: Curso escolar (de setembro ata xuño).

5.3. EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO

Contamos co seu apoio para motivar ao profesorado e para tratar de desmontar os prexuízos sobre a lingua galega, así como coa súa colaboración no Proxecto lingüístico de centro (P.L.C.) e nas actividades promovidas polo Equipo de dinamización da lingua galega (E.D.L.G.).

Temporización: Curso escolar completo.

5.4. PROFESORADO

Consideramos indispensable a súa implicación para un bo desenvolvemento do P.L.C. Mesmo o profesorado que se exprese en castelán pode contribuír ao prestixio da lingua galega cando non impida que o alumnado que a emprega, manteña o seu uso espontáneo, tanto nas súas manifestacións orais como escritas (exceptuando a materia de Lingua castelá).

Consideramos, ademais, necesario reforzar a presenza da lingua galega nalgúns departamentos didácticos:

- Departamento de Tecnoloxía.
- Departamento de Educación física.
- Departamento de Educación plástica e visual.
- Departamento de Música.
- Departamento de Francés.
- Departamento de Inglés.

A nosa proposta pretende aspectos sinxelos para a súa realización, como que nos departamentos se fomente o uso da lingua galega no alumnado que xa a utiliza espontaneamente ou que algún membro deses departamentos se preste a impartir as súas clases na nosa lingua, ou cando menos, a utilizala nalgunha ocasión co alumnado e as familias galegofalantes.

Temporización: Sabemos que, segundo os casos, o proceso pode ser lento, pero contamos coa voluntariedade do profesorado e a súa actitude positiva.

5.5. ALUMNADO

Na actualidade, a presenza de alumnado inmigrante de recente incorporación é moi escasa. O noso obxectivo é evitar a exención para o alumnado de familias que teñen previsto permanecer durante varios cursos na nosa comunidade e habilitar medidas de apoio para que este alumnado teña o menor número de dificultades posibles na aprendizaxe da lingua galega e, no seu caso, da lingua castelá.

Para o alumnado galego, a nosa principal dificultade é o mantemento da lingua galega nos contornos galegofalantes. Por iso, o noso obxectivo é reforzar a autoestima lingüística coa explicación e o debate sobre as circunstancias que conduciron á actual situación, convencer das vantaxes de ter unha lingua propia e de ser bilingües e mesmo multilingües na sociedade actual e facelos conscientes da importancia e do orgullo que supón posuír unha cultura e unha lingua que só é nosa e dende ela podemos chegar a ter presenza individual e universal.

Temporización: Este é o obxectivo máis importante e máis complexo, por iso consideramos que o labor nunca estará rematado e debe ser obxecto do actual curso e dos vindeiros.

5.6. CRITERIOS DE CORRECIÓN LINGÜÍSTICA

Para cualificar o uso da lingua vehicular establecemos que nas probas, exercicios e traballos escritos que o alumnado teña que realizar, o profesorado **poderá** penalizar ata un máximo do 20% da nota coa finalidade de motivar e incentivar no uso correcto da lingua. Isto faise extensivo ao uso oral da lingua pero, obviamente, naqueles apartados e criterios nos que se poida avaliar. A modo de exemplo, pode terse como referencia que nalgúns departamentos teñen establecido un desconto de entre 0,01 e 0,25 por cada erro.

Os puntos nos que cómpre facer fincapé son tres: ortografía, presentación e expresión. A continuación anotamos os criterios sobre os que se debe traballar:

5.6.1. Ortografía

- uso de grafemas: b/v, h, etc.

- acentuación gráfica
- signos de puntuación
- uso correcto das maiúsculas

5.6.2. Presentación

- limpeza
- uso de corrector líquido ou seco
- borranchos
- caligrafía
- sangría
- división de parágrafos
- marxes
- uso de bolígrafos de cores
- uso de lapis

5.6.3. Expresión

Neste apartado valorarase de forma positiva: unha mellor expresión significará unha maior valoración na proba ou traballo. Terase en conta tanto para o uso escrito da lingua como para o uso oral, facendo fincapé nos tres valores fundamentais da expresión lingüística: coherencia, cohesión e eficacia. Os criterios que podemos manexar son os seguintes:

- riqueza léxica e semántica
- capacidade para distinguir rexistro formal e informal
- uso correcto de palabras referentes e condutores
- secuenciación de conceptos.

Con todo, estas penalizacións da nota deben entenderse como un xeito máis de motivar ao alumnado para se conciencie da importancia da corrección escrita e oral da lingua para calquera ámbito da súa vida, non só académica, senón tamén para o seu futuro profesional. Abondando nisto, parécenos útil facer as seguintes suxestións para mellorar esa corrección.

1º. **Ler e escribir** para mellorar as capacidades expresivas, recursos lingüísticos e ortografía.

2º. **Ditados e copiados** para os que se poden usar fragmentos dos libros de lectura obrigatoria ou de textos relacionados coa materia.

3º. **Memoria.** A nosa memoria e lingüística, é dicir, almacenamos os pensamento en forma de palabras, e estas palabras grávanse na nosa memorial visual. De forma que para poder saber como escribir unha palabra, alén de coñecer as regras de ortografía e acentuación, debemos memorizala. Este proceso facíase normalmente obrigando ao alumnado a que, cando cometía unha falta de ortografía, a escribise vinte veces. O resultado deste esforzo mecánico era que a palabra se gravaba na súa memoria. Ese efecto pode conseguirse mediante outras técnicas: lectura, copiado, tarxetas de vocabulario pegadas en lugares visibles para ver as palabras con frecuencia, escritura de textos, etc.

4º. **Diario de aula**: o alumnado usará un caderno no que semanalmente pode ir escribindo o que se leva explicado nas diferentes clase e cada profesor ou profesora lle pode pedir que redacte un texto de forma periódica, (semanalmente, por exemplo) para que sexa corrixido e no mesmo poder anotar os erros ortográficos e de expresión.

6. ACTIVIDADES

As nosas actividades teñen en conta as características sociolingüísticas dos destinatarios e toman como referencia o marco legal. Con elas pretendemos crear condicións que aseguren o funcionamento da nosa planificación lingüística e crear no centro as condicións educativas e ambientais que fagan posible o éxito da mesma.

6.1. EN RELACIÓN CO PROFESORADO

1. No mes de setembro, determinación da situación lingüística de partida.
2. Colaboración co E.D.L.G.
3. Fomentar o uso da lingua galega nas actividades extraescolares que se realizan ao longo do curso.
4. Coordinación entre o profesorado de linguas para unificar criterios relativos ás programacións, evitando repeticións innecesarias, relacionando os contidos e procurar o acordo nas terminoloxías.
5. Utilizar sempre a lingua prevista no Proxecto lingüístico de centro.
6. Utilizar o rexistro formal nas aulas, xa que llelo esiximos ao alumnado.
7. Prever estratexias para facilitar o léxico específico de cada materia e para dominar as formas textuais propias da materia.
8. Traballar técnicas de esquema, resumo, mapas conceptuais, exposicións orais, etc... (pódese facer de maneira interdisciplinar).
9. Coordinación entre os departamentos de áreas lingüísticas para unificar criterios de corrección, manexar a mesma terminoloxía, evitar excesivas repeticións de contidos, etc...
10. Incluír na orde do día das convocatorias de Claustros do profesorado e outras reunións informacións relativas ao E.D.L.G., ao E.P.L. e a aspectos que merezan a reflexión sobre o uso da lingua.
11. Implicación do profesorado non de linguas para a valoración e avaliación da competencia lingüística do alumnado.

6.2. EN RELACIÓN CO PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO

1. Solicitar de conserxaría, cafetaría e do persoal administrativo e de limpeza que utilice a lingua galega para as relacións orais co alumnado, familias e profesorado, excepto nos casos en que poidan xurdir dificultades de calquera tipo na comunicación.

2. Utilizar a lingua galega en todo tipo de notas e comunicacións co persoal do centro. É de salientar que toda a documentación de carácter oficial xa se realiza en galego.

6.3. EN RELACIÓN CO ALUMNADO

A maioría destas actividades realizaranse ao longo de todo o curso escolar.

1. Incrementar os contidos de reflexión sociolingüística de maneira que contribúan á eliminación de prexuízos lingüísticos.

2. Fomentar o respecto polas diferentes opcións lingüísticas e reforzar a autoestima dos alumnos e alumnas galegofalantes.

3. Dar facilidades para que o alumnado galegofalante utilice libremente a súa lingua en calquera contexto, mesmo en aulas que se imparten en castelán.

4. Concienciar das vantaxes do plurilingüismo na sociedade actual e da importancia da boa aprendizaxe das linguas que se imparten no centro: galego, portugués, castelán, inglés e francés.

5. Programar actividades e concursos que contribúan á mellora da competencia lingüística e a reforzar o uso da lingua (Estas actividades coinciden coas do E.D.L.G.).

6. Demostrar que a lingua galega abre horizontes e resulta útil para desenvolverse no mundo actual, para iso daremos a coñecer personaxes actuais que triúnfan en diversos eidos: música, deseño, escultura, ciencia, teatro, arquitectura, etc...

7. Incrementar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías.

8. Convidar a algún personaxe comprometido coa lingua para fomentar a reflexión entre alumnado e profesorado.

7. PLAN DE AVALIACIÓN

Finalmente, seguiremos este plan mediante o que se avaliarán as actuacións levadas a cabo, podendo distinguir catro tipos de avaliacións:

A) Avaliación sobre a identificación correcta de necesidades e problemas.

B) Avaliación da idoneidade das medidas propostas. Algúns dos criterios son:

- Simplicidade das medidas adoptadas.
- Efectividade na consecución dos obxectivos.
- Economía relativa.
- Aceptabilidade.

C) Avaliación sobre o proceso de posta en práctica: Avánzase ou non, atrancos e puntos fortes.

D) Avaliación conclusiva.

A persoa responsable do E.D.L.G. coordinará a elaboración dunha memoria final ao remate de cada curso escolar onde se recollan todos os indicadores anteriores, e poderá engadir outros se o considera necesario. Esta memoria debe servir para introducir as melloras necesarias e eliminar os erros cometidos.

ANEXOS

ANEXO I: RESULTADOS DA SONDAXE EN 1º-2º E.S.O.









5. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego.	1,82%	10,00%	20,00%	18,18%	50,00%
O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	1,82%	3,64%	19,09%	33,64%	41,82%
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	6,36%	6,36%	13,64%	31,82%	41,82%

Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo

6. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
En Galicia debería usarse máis o galego.	4,55%	6,36%	22,73%	19,09%	47,27%
A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	2,73%	9,09%	18,18%	31,82%	38,18%
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	23,64%	8,18%	33,64%	13,64%	20,91%
A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	3,64%	7,27%	23,64%	38,18%	27,27%

Actitude do alumnado cara á normalización social do galego

ANEXO II: RESULTADOS DA SONDAXE EN 3º-4º E.S.O.









5. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego.	5,50%	6,42%	20,18%	16,51%	51,38%
O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	2,75%	6,42%	26,61%	28,44%	35,78%
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	3,67%	4,59%	16,51%	30,28%	44,95%

Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo

6. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
En Galicia debería usarse máis o galego.	2,75%	3,67%	16,51%	23,85%	53,21%
A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	3,67%	4,59%	18,35%	26,61%	46,79%
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	12,84%	15,60%	34,86%	16,51%	20,18%
A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	0,92%	4,59%	27,52%	31,19%	35,78%

Actitude do alumnado cara á normalización social do galego

ANEXO III: RESULTADOS DA SONDAXE EN 1º-2º BACHARELATO









5. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego.	2,78%	4,17%	19,44%	16,67%	56,94%
O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	0,00%	1,39%	22,22%	29,17%	47,22%
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	0,00%	0,00%	15,28%	31,94%	52,78%

Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo

6. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
En Galicia debería usarse máis o galego.	0,00%	1,39%	8,33%	26,39%	63,89%
A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	0,00%	2,78%	16,67%	25,00%	55,56%
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	2,78%	4,17%	38,89%	26,39%	27,78%
A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	0,00%	1,39%	12,50%	31,94%	54,17%

Actitude do alumnado cara á normalización social do galego

ANEXO IV: RESULTADOS DA SONDAXE NO ALUMNADO DO CENTRO









5. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego.	3,44%	7,22%	19,93%	17,18%	52,23%
O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	1,72%	4,12%	22,68%	30,58%	40,89%
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	3,78%	4,12%	15,12%	31,27%	45,70%

Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo

6. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
En Galicia debería usarse máis o galego.	2,75%	4,12%	16,84%	22,68%	53,61%
A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	2,41%	5,84%	17,87%	28,18%	45,70%
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	14,43%	9,97%	35,40%	17,87%	22,34%
A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	1,72%	4,81%	22,34%	34,02%	37,11%

Actitude do alumnado cara á normalización social do galego

ANEXO V: RESULTADOS DA SONDAXE NO PROFESORADO DO CENTRO







4. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego.	2,17%	4,35%	15,22%	13,04%	65,22%
O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario.	2,17%	4,35%	21,74%	32,61%	39,13%
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	2,17%	6,52%	13,04%	23,91%	54,35%

Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo

5. Valora os seguintes enunciados xenéricos segundo a seguinte escala:



	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
En Galicia debería usarse máis o galego.	0,00%	2,17%	23,91%	23,91%	50,00%
A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.	0,00%	0,00%	4,35%	13,04%	82,61%
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.	0,00%	0,00%	28,26%	8,70%	63,04%
A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	0,00%	0,00%	15,22%	26,09%	58,70%

Actitude do profesorado cara á normalización social do galego